



TURGALICIA BOLETÍN DE NOTICIAS

Nº 160 3-9 XUÑO '08

Boletín electrónico semanal de TURGALICIA. Estrada Santiago Noia, Km. 3. 15896, Santiago de Compostela.



Se desexa recibir máis información gráfica ou escrita sobre as informacións contidas neste boletín envíenos un e-mail premendo o seguinte enlace:



ou pónase en contacto con nós no teléfono:

902 200 432

ou no fax:

981 542 659



www.turgalicia.es



Reservas



Ofertas




Publicacións



Noticias

Edita: TURGALICIA. Realización Boletín de Noticias: Imaxe Nova de Comunicación S.L. r/ Uruguai 2, 3º dereita, 36201, Vigo. Tel.: 986 221 835. Fax.: 986 437 141 email: imaxenova@imaxenova.com



105 BANDEIRAS AZUIS PARA GALIZA

O País galego volve ser líder en Europa en número de galardóns

Un total de 105 bandeiras azuis –101 en praias e 4 en portos deportivos– ondearán este verán no litoral de Galiza, como distintivo da calidade das súas augas e dos seus accesos e servizos. Con respecto ao pasado verán, o número de galardóns concedidos pola Unión Europea, a instancias da Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (Adeac) descendeu sensiblemente en todo o territorio estatal, xa que os requisitos foron máis rigorosos.

Deste xeito, e aínda que Galiza perdeu 22 bandeiras azuis (18 de praias e 4 de portos deportivos), segue sendo líder en Europa en número de galardóns.

Os portos deportivos galardoados foron os de Ribadeo (Lugo), Club Náutico de A Coruña, Club Náutico de Portosín (Porto do Son, A Coruña) e o Porto Deportivo de Baiona (Pontevedra).

As 101 bandeiras que ondearán noutras tantas praias distribúense por 34 concellos. Na costa de A Coruña haberá 41 bandeiras azuis en 17 concellos; na de Pontevedra, outras 41 en 11 concellos, e na de Lugo, 19 bandeiras azuis en 6 concellos.

Por municipios, Sanxenxo (Pontevedra) volve ter este ano 13 distintivos e sitúase no primeiro lugar de Galiza en número de praias galardoadas. Séguelle Barreiros

(Lugo), con 8 bandeiras azuis no seu litoral. Na provincia da Coruña, Ribeira, con 6 praias galardoadas, é o municipio con maior número de distintivos.

Entre as praias galardoadas este ano, cinco acadaron por primeira vez ou recuperaron a bandeira azul. Son as de A Ribeira (Baiona), Portomaíor (Bueu), Area Grande (O Grove), Pedra do Sal (Carballo) e Ril (Burela).

Así mesmo, a Unión Europea distinguiu seis entidades galegas –tres da provincia da Coruña e tres da de Lugo– pola súa actividade relacionada coa educación ambiental sobre os ecosistemas litorais e o desenvolvemento sostido.